

# ¿QUE É A TRANSFERENCIA LINGÜÍSTICA?

---

*M<sup>a</sup> Rosa Alonso Alonso*

Universidade de Santiago de Compostela

## 1. INTRODUCCIÓN

---

A transferencia lingüística constitúe unha das cuestións que esperta maior interese na literatura sobre Didáctica de Linguas; non en van é unha das causas polas que máis erros se cometen no proceso de aprendizaxe da segunda lingua. De feito, un estudio que realicei con vinteoito estudantes galegos que aprendían inglés como segunda lingua nun Instituto de Bacharelato ó sur da comunidade autónoma<sup>1</sup> deu como resultado que unha porcentaxe elevada dos erros cometidos na segunda lingua se debían á interferencia da lingua materna.

Os erros que se producen debido á transferencia lingüística afectan a tódolos niveis da lingua, encadrándose xeralmente en catro tipos que Lott definiu en 1983:

1. Transferencia de estrutura: O estudante transfere as estruturas da

lingua materna (L1) directamente á segunda lingua (L2) cando non coñece as estruturas apropiadas na lingua de destino.


2. Sobreextensión dunha analogía: A área do vocabulario é a máis afectada por este tipo de interferencia; o aprendiz traduce á segunda lingua unha palabra da súa lingua materna.

3. Substitución: Este tipo de interferencia atópase cando o estudante non coñece un termo na L2 e escribe directamente o termo correspondente na súa lingua materna.

4. Erros interlingüísticos/intralingüísticos: Estes erros prodúcense cando na lingua materna só existe un termo, mentres que na segunda lingua existen dous para o mesmo concepto.

Considerando a importancia deste fenómeno lingüístico, este artigo ten o propósito de adentrarse na natureza da transferencia, nun intento de explorar

<sup>1</sup> Este estudio atópase en prensa na *Revista Alicantina de Estudios Ingleses*.



Coas linguas está a sucede-lo mesmo que ocorre na construción: as estruturas que se deben usar dependen dos materiais que vaian ser empregados. Neufert. *Arte de Proyectar en Arquitectura*


en qué consiste. Con esta intención centrei o meu estudo nos seguintes aspectos: a revisión dos diferentes intentos de atopar-lo termo axeitado para designar esta cuestión, a complexidade da súa definición e os diferentes tipos de transferencia que se poden dar.

## 2. O TERMO "TRANSFERENCIA"

Os termos "transferencia" e "interferencia" asóciase tradicionalmente a correntes conductistas que consideran que o coñecemento previo da primeira lingua (L1) inflúe na segunda lingua (L2). Se o resultado obtido é negativo fálanse de interferencia; se polo contrario esta influencia ten un resultado positivo, denomínase transferencia.

Kellerman (1984) propón un novo termo afastado das teorías conductistas que el denomina "influencia a través das linguas" (*cross-linguistic influence*), xa que, segundo este autor, esta nova denominación serviría para cubrir un bo número de procesos non especificados. Pola súa parte, Odlin (1989) prefere usa-lo termo "transferencia", se ben baléirao das connotacións que tiña no conductismo.

Posteriormente, Ellis (1994) manifesta que tanto o termo "interferencia" coma "transferencia" non son axeitados xa que están relacionados co conductismo. Este autor non está de acordo con esta denominación porque non se trata soamente da influencia da lingua materna posto que outras "segundas" linguas que o aprendiz coñece tamén poden transferirse. Sen embargo, Ellis reconece que o termo aínda persiste se ben se utiliza sen ter en conta as súas connotacións conductistas.



Pedra de Rosetta. Esta estela exipcia, feita en homenaxe a Tolomeo V é atopada no ano 1795 no delta do Nilo; mostra o mesmo texto en caracteres xeroglíficos e demóticos seguidos da súa transcrición en grego. Pódese comparar nela a estrutura de cada lingua

### 3. DEFINICIÓN

---

A lingüística contrastiva establecía unha comparación entre a L1 e a L2; nese marco, a transferencia consistía no proceso que seguían os aprendices cando estudiaban a L2. Lado, un dos principais representantes desta corrente, define a transferencia como:

Those instances of deviation from the norms of either language which occur in the speech of bilinguals as a result of their functionality with more than one language, i.e. as a result of languages in contact (1957:99).

Nos estudos de Dulay et al. (1982) considérase que a transferencia tense definido referíndose a aspectos psicolóxicos e sociolingüísticos, distinción que a lingüística contrastiva non deixaba moi clara.

Uns anos despois, Selinker (1984) manifesta que o termo debe definirse con moita cautela e que debería cubrir unha serie de comportamentos, procesos e restriccións relacionados cun coñecemento lingüístico previo:

a cover term for a whole class of behaviours, processes and constraints that have to do with the use of prior linguistic knowledge, especially native-language knowledge, in interacting with input from the target language (1984:334).

Odlin (1989) propón unha nova definición deste termo, fuxindo da tradición da análise contrastiva que ten en conta non só a lingua materna

senón tamén outras linguas que o aprendiz poida coñecer:

Transfer is the influence resulting from the similarities and differences between the target language and any other language that has been previously ( and perhaps imperfectly) acquired (1989:27).

No ano 1992 Gass e Selinker resumiron de forma axeitada as diferentes definicións do termo. Segundo estes autores, a transferencia lingüística na meirande parte dos casos é definida como o uso da lingua materna na adquisición da segunda lingua, independentemente dos factores que os diferentes autores inclúsen.

### 4. TIPOS DE TRANSFERENCIA

---

A influencia da L1 na L2 tense tratado desde diferentes puntos de vista, que parten de supostos teóricos diferentes. Pódense resumir en tres tipos principais.

1. Transferencia positiva e negativa:

Esta clasificación está baseada no produto, é dicir, os efectos que a L1 produce na L2.

A raíz da distinción atópase na psicoloxía conductista. A transferencia positiva asóciase ó efecto facilitador da L1 mentres que a transferencia negativa, tamén chamada interferencia, produce erros na L2.

2. Proceso de aprendizaxe vs. proceso de produción:


Autores como Kohn (1986) distinguen dous aspectos na transferencia: un proceso de aprendizaxe e un proceso de produción, xa que a influencia da L1 se basea en procesos. Desde esta perspectiva o produto final non é o máis importante, como ocurría na distinción anterior, posto, que a transferencia se ve como un proceso de produción.

3. Transferencia manifesta vs. transferencia cuberta:

Ringbom (1987) considera a transferencia tanto ó nivel de produción coma de comprensión. No primeiro distingue dous tipos: manifesta e

cuberta. A diferenza entre estes dous tipos depende da percepción do aprendiz. Na transferencia cuberta o aprendiz non percibe a similitude a través das linguas, ten baleiros no seu coñecemento, non relaciona os coñecementos entre a L1 e a L2 xa que carece dun marco de referencia común. Sen embargo, na transferencia manifesta o aprendiz percibe a similitude entre as linguas. Pola súa vez, este tipo de transferencia divídese en dous: transferencia e préstamo. A primeira implica que o aprendiz percibe a similitude de estrutura entre as dúas linguas, e cando non coñece unha estrutura recorre á da súa L1. O préstamo está relacionado con cuestións léxicas, implica unha percepción da similitude entre formas léxicas. De forma gráfica, obtémola seguinte representación:

Transferencia de comprensión		
		Transferencia
	Transferencia manifesta	
		Préstamo
Transferencia de produción		
	Transferencia cuberta	



Na cultura occidental a Torre de Babel é quizais o símbolo máis característico dos conflitos entre as diferentes linguas. BRUEGUEL. *La Torre de Babel*

4. Transferencia de préstamo vs. Transferencia de substrato:

Odlin (1989) establece unha diferenza na maneira na que a L1 afecta á L2 segundo a dirección da transferencia. A transferencia de préstamo corresponde á influencia da L2 na L1, mentres que a transferencia de substrato corresponde á influencia da L1 na L2. A primeira comeza

xeralmente no nivel léxico, a segunda tende a mostrarse na pronunciación.

## 5. CONCLUSIÓN

Os diferentes termos que os autores propoñen para designar este fenómeno lingüístico mostran o interese polo seu estudio, se ben non parece haber un acordo sobre o termo máis axeitado para denominalo.



Polo que respecta á definición, as correntes conductistas defínenos baseándose no coñecemento previamente adquirido. En oposición a esta visión, outros autores intentan desprove-lo termo das súas connotacións conductistas, considerando a transferencia como un proceso e tendo en conta outros factores lingüísticos.

Por outra banda, distínguense catro tipos principais de transferencia baseados en catro puntos de vista diferentes. O primeiro céntrase no produto que se consegue, sexa este positivo ou negativo. O segundo ocúpase do proceso; en oposición ó anterior, non lle dá tanta importancia ó produto. O terceiro achegamento concéntrase no proceso de produción e está baseado na percepción que o aprendiz ten da similitude entre linguas. O último distingue entre transferencia de préstamo e de substrato, polo que se fixa na dirección da transferencia.

Como se pode observar, se ben existe desacordo tanto na designación do termo coma na súa definición e tipoloxía, podemos non obstante concluír que tódolos autores, máis alá das súas diferencias, a relacionan co coñecemento previo doutras linguas e coinciden tamén na importancia da transferencia lingüística no proceso de aprendizaxe da segunda lingua.

## 6. BIBLIOGRAFÍA

- Davies, A., R. Criper, e A. P. R. Howatt, (eds.), *Interlanguage: Proceedings of the Seminar in Honour of Pit Corder*, Edinburgh, Edinburgh University Press, 1984.
- Dulay, H., M. Burt, e S. Krashen, *Language two*. New York, Oxford University Press, 1982.
- Ellis, R., *The Study of Second Language Acquisition*, Oxford, Oxford University Press, 1994.
- Gass, S. e L. Selinker, (eds.), *Language Transfer in Language Learning*, Rowley, Mass.: Newbury House, 1983.
- *Language Transfer in Language Learning*. Rowley, Mass.: Newbury House. 1992.
- Kellerman, E., "Now you see it, now you don't", en Gass, S., e L. Selinker, (eds.), 1983, 112-134.
- Kellerman, E. e M. Sharwood-Smith, (eds.), *Crosslinguistic Influence in Second Language Acquisition*, Language Teaching Methodology Series, Oxford, Pergamon Press, 1986.
- Kohn, K. "The Analysis of Transfer", en Kellerman, E. e M. Sharwood-Smith, (eds.), 1986, 312-324.
- Lado, R., *Linguistics Across Cultures*, Ann Arbor, Michigan, University of Michigan Press, 1957.
- Lott, D., "Analysing and Counteracting Interference Errors", *ELT Journal*, Vol.37/3, 1983, 256-262.
- Odlin, T., *Language Transfer*, Cambridge, Cambridge University Press, 1989.